

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14726 *REAL DECRETO 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada. («BOE» 184, do 2-8-2007.)*

A Directiva 2003/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2003, relativa á cualificación inicial e á formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada, pola que se modifican o Regulamento (CEE) n.º 3820/85 do Consello e a Directiva 91/439/CEE do Consello, establece unha nova formación obrigatoria para determinados condutores profesionais.

A formación obrigatoria dos condutores establécese como algo diferente da que actualmente existe para a obtención dos permisos de condución a que se refire a Directiva 91/439/CEE do Consello, do 29 de xullo de 1991, sobre o permiso de condución, incorporada ao ordenamento interno polo Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio. A nova formación difire desta última tanto na súa estrutura como no seu contido e destinatarios. Por unha parte, establécese unha cualificación inicial que debe obterse con independencia do permiso de condución e, por outra, unha formación continua dirixida a manter actualizados os coñecementos inicialmente exixidos. As materias sobre as cales se exixen coñecementos afectan fundamentalmente a actividade de transporte a que se dedican profesionalmente estes condutores.

Faise necesario, polo tanto, regular, de acordo coa citada Directiva 2003/59/CE, a nova formación, determinando a estrutura e mais o contido dos cursos dirixidos a obter os correspondentes certificados e os condutores que están obrigados a iso, así como as excepcións.

Para a implantación destes cursos, resulta así mesmo necesario establecer as pautas para a habilitación dos centros de formación e dos cursos concretos, así como regular os exames. Respecto dos centros, considérase procedente establecer un sistema de autorización previa, que se outorgará sempre que se reúnan os requisitos necesarios. Os exames deberán ser convocados polas autoridades competentes no lugar de que se trate.

O contido do programa de materias incluído na Directiva 2003/59/CE, en moitos aspectos relacionado coa materia de seguraza viaria, resulta perfectamente congruente co sinalado polas normas que desenvolven a Lei 17/2005, do 19 de xullo, pola que se regula o permiso e a licenza de condución por puntos e se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguraza viaria, para os cursos de sensibilización viaria destinados á recuperación de puntos en relación cos permisos ou licenzas de condución. Por iso, resultou posible incluír no programa desenvolvido neste real decreto a totalidade dos contidos dos mencionados cursos, de tal forma que, nos termos que para tal efecto se establecen, o cumprimento dos requirimentos en materia de formación continua sinalados neste real decreto permita, ademais, a recuperación de puntos.

Desta forma, dáselle cumprimento ao sinalado no punto E.1 do Acordo do Consello de Ministros do 21 de outubro de 2005, polo que se desenvolveron e aplicaron distintas medidas relativas ao sector do transporte por estrada, que se adoptaron no Acordo do Consello de Ministros do 24 de xuño de 2005, para a mellora das condicións de transparencia e de competencia no sector, de tal forma que os condutores profesionais poderán recuperar puntos mediante os cursos de formación continua

regulados neste real decreto que fosen impartidos en centros xestionados por asociacións profesionais de transporte, sempre que tales cursos e centros cumpran todos os requisitos exixidos para iso en cada momento pola lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguraza viaria.

Por outra parte, o programa previsto na directiva non resulta incompatible coas materias que integran os cursos exixidos para a obtención da cualificación dos condutores de vehículos que transportan mercadorías perigosas, establecidos no ordenamento regulador desta materia. Por iso, pareceu coherente, desde o punto de vista de contribuír a racionalizar o esquema formativo no ámbito da condución profesional, e tratando, no posible, de atenuar o custo que esa formación vaia ter para os interesados, buscar a maior congruencia entre un e outro programa. Con este obxectivo, incluíuse no programa dos cursos para a obtención do certificado de aptitude profesional a totalidade das materias contidas no programa dos cursos obrigatorios de cualificación para a condución de vehículos que transporten mercadorías perigosas. Así mesmo, intentouse que integrase o conxunto de materias e cuestións que, razoablemente, deben formar parte dunha formación teórica adecuada para a obtención dos permisos de condución de vehículos pesados e autocares.

Desta forma, se o centro que imparta o curso cumpre, ademais dos requisitos exixidos neste real decreto, os sinalados na lexislación do ramo para os relativos á cualificación de condutores de vehículos que transporten mercadorías perigosas, poderá homologar aquel para os efectos polivalentes, de maneira que os alumnos do curso poidan cumprir simultaneamente as exixencias das distintas formacións obrigatorias, así como ter recibido unha formación adecuada para a obtención do correspondente permiso de condución.

Por último, establécese un sistema graduado en cinco anos para que os condutores non obrigados a obter a cualificación inicial, por teren realizado esta actividade antes das datas de entrada en vigor das novas normas, realicen os cursos de formación continua aos cales si están obrigados.

As disposicións transitorias determinan as datas a partir das cales se lles exixirá a formación inicial aos novos condutores, así como os prazos en que os actuais condutores deberán realizar a formación continua.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento e do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xullo de 2007,

DISPÕO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular as condicións para a obtención do certificado de aptitude profesional, acreditativo da correspondente cualificación inicial, e da realización dos cursos de formación continua, necesario para a condución por vías públicas españolas de vehículos de empresas establecidas en calquera Estado membro da Unión Europea, para a cal resulte obrigatoriedade estar en posesión de permisos de condución das categorías C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D ou D+E, definidas no Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio.

Artigo 2. *Exencións.*

O disposto neste real decreto non será de aplicación aos condutores dos seguintes vehículos:

- a) Aqueles cuxa velocidade máxima autorizada non supere os 45 quilómetros por hora.
- b) Os que sexan utilizados polos servizos das Forzas Armadas, a protección civil, os bombeiros e os corpos e forzas de seguranza, ou baixo o control das mencionadas forzas e organismos.
- c) Os que estean sendo sometidos a probas en estrada para fins de mellora técnica, reparación ou mantemento, ou ben sexan novos ou transformados e aínda non se puxesen en circulación.
- d) Os utilizados en situacións de emerxencia ou que se encontren destinados a misións de salvamento.
- e) Os utilizados nas clases prácticas destinadas á obtención do permiso de conducción ou do certificado de aptitude profesional.
- f) Os utilizados para realizar transporte privado particular de viaxeiros ou mercadorías definido no artigo 101 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres e 156 do seu regulamento, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.
- g) Os que transporten material ou equipos para o uso do condutor no exercicio da súa profesión, sempre que a conducción do vehículo non represente a actividade principal dese condutor.

Artigo 3. *Certificado de aptitude profesional.*

O certificado de aptitude profesional acreditará que o condutor a favor do cal foi expedido superou os cursos e exames exixidos para a obtención da cualificación inicial dos condutores.

Este certificado expedirase sen prazo de validez determinado, aínda que a súa vixencia quedará subordinada a que o seu titular siga, dentro dos prazos previstos neste real decreto, os cursos de formación continua que resulten pertinentes.

O certificado de aptitude profesional será expedido polos órganos competentes para o outorgamento de autorizacións habilitantes para a realización de transporte público discrecional de viaxeiros e mercadorías por estrada.

CAPÍTULO II

Cualificación inicial

Artigo 4. *Modalidades de obtención do certificado de cualificación inicial dos condutores.*

O certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial dos condutores poderase obter segundo as modalidades ordinaria e acelerada.

Artigo 5. *Cualificación inicial ordinaria.*

1. A modalidade ordinaria de obtención da cualificación inicial do condutor consistirá na asistencia a un curso de 280 horas de duración, cuxo contido versará sobre as materias que integran o programa sinalado no anexo I, e a superación do exame regulado no capítulo VI.

Non será necesaria a titularidade previa de permiso de conducción para seguir os cursos e concorrer aos exames destinados á obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial na súa modalidade ordinaria.

2. Os que obtivesen o certificado de aptitude profesional acreditativo da súa cualificación inicial na modali-

dade ordinaria quedarán habilitados para conducir, sempre que ademais contén co correspondente permiso de conducción, baixo as seguintes condicións:

- a) Vehículos para a conducción dos cales se exixa estar en posesión de permisos da clase C ou C+E, a partir dos 18 anos.
- b) Vehículos para a conducción dos cales se exixa estar en posesión de permisos da clase D1 ou D1+E, a partir dos 18 anos.
- c) Vehículos para a conducción dos cales se exixa estar en posesión de permisos da clase D ou D+E, sempre que circulen prestando servizos de transporte regular de viaxeiros cuxo traxecto non supere os 50 quilómetros, a partir dos 18 anos.
- d) Vehículos para a conducción dos cales se exixa estar en posesión de permisos de conducción D ou D+E, a partir dos 21 anos.

Artigo 6. *Cualificación inicial acelerada.*

1. A modalidade acelerada de obtención da cualificación inicial do condutor consistirá na asistencia a un curso de 140 horas de duración, cuxo contido versará sobre as materias que integran o programa sinalado no anexo I, e a superación do exame regulado no capítulo VI.

Non será necesaria a titularidade previa de permiso de conducción para seguir os cursos e concorrer aos exames destinados á obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial na súa modalidade acelerada.

2. Os que obtivesen o certificado de aptitude profesional acreditativo da súa cualificación inicial na modalidade acelerada quedarán habilitados para conducir, sempre que ademais contén co correspondente permiso de conducción, baixo as seguintes condicións:

- a) Vehículos para a conducción dos cales se exixa estar en posesión de permisos da clase C1 ou C1+E, a partir dos 18 anos.
- b) Vehículos para a conducción dos cales se exixa estar en posesión de permisos da clase C ou C+E, a partir dos 21 anos.
- c) Vehículos para a conducción dos cales se exixa estar en posesión de permisos da clase D1 ou D1+E, a partir dos 21 anos.
- d) Vehículos para a conducción dos cales se exixa estar en posesión de permisos da clase D ou D+E, sempre que circulen prestando servizos de transporte regular de viaxeiros cuxo traxecto non supere os 50 quilómetros, a partir dos 21 anos.
- e) Vehículos para a conducción dos cales se exixa estar en posesión de permisos de conducción D ou D+E, a partir dos 23 anos.

CAPÍTULO III

Formación continua

Artigo 7. *Cursos de formación continua.*

1. A formación continua, obrigatoria para todos os condutores incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, deberá permitirlles actualizar os coñecementos esenciais para o exercicio da súa función, facendo especial fincapé na seguranza en estrada e a racionalización do consumo de carburante. Esa formación ten por finalidade afondar e revisar os coñecementos adquiridos coa obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial.

2. Co fin de dar cumprimento á exixencia de formación continua, os condutores deberán superar un curso dunha duración de 35 horas cada cinco anos, que versará

sobre o contido das materias que integran o programa sinalado no anexo I.

Non obstante, ese curso poderás realizarse en períodos descontinuos, sempre que estes os imparta un mesmo centro autorizado, dentro dun mesmo ano natural e ningún deles teña unha duración inferior a 7 horas. Neste suposto, cada período efectuado polo condutor deberá terse en conta no cómputo total da súa formación continua.

3. O curso de formación continua deberá seguirse, por primeira vez, antes de que transcorran cinco anos desde que se expediu o certificado de aptitude profesional acreditativo da formación inicial, e deberá repetirse a partir de entón, polo menos, cada cinco anos.

4. Unicamente poderán realizar os cursos de formación continua previstos neste capítulo os que, previamente, sexan titulares do certificado de aptitude profesional acreditativo da formación inicial e se encontren en posesión dun permiso de condución en vigor dalgunhas das categorías sinaladas no artigo 1.

5. Os condutores que deixasen de exercer a profesión e non dispoñan dunha tarxeta acreditativa da súa cualificación profesional en vigor deberán seguir un curso de formación continua antes de a reiniciar.

6. Os condutores que realicen transportes de mercadorías ou viaxeiros por estrada e completasen cursos de formación continua para unha das categorías de permisos previstas no artigo 1 estarán dispensados de seguir unha formación continua para outra das categorías de permiso de condución de vehículos previstas nese artigo.

CAPÍTULO IV

Centros de formación

Artigo 8. *Autorización dos centros de formación.*

Os cursos necesarios para obter a formación inicial, tanto ordinaria como acelerada, e a formación continua unicamente se poderán impartir en centros autorizados polas administracións públicas competentes para o outorgamento de autorizacións de transporte público.

Artigo 9. *Outorgamento da autorización.*

1. Aqueles centros que desexen impartir calquera das modalidades de formación que se regulan neste real decreto deberán solicitar a correspondente autorización do órgano competente para o outorgamento de autorizacións de transporte público discrecional de viaxeiros e mercadorías por estrada no territorio correspondente ao seu domicilio único ou principal, acompañando a súa solicitude de canta documentación resulte necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos sinalados no anexo II.

Examinada a documentación presentada e comprobada a adecuación do centro ás exixencias deste real decreto, o órgano competente outorgará a autorización solicitada, que terá validez en todo o territorio nacional, e procederá á súa inscrición na sección correspondente do Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte.

O órgano competente poderás complementar o exame da documentación presentada mediante a inspección material das instalacións do centro e a solicitude doutra documentación complementaria.

2. Sen prexuízo do disposto nos dous parágrafos anteriores, se transcorresen tres meses sen que a Administración competente resolverse acerca da solicitude formulada, produciranse os efectos previstos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das

administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Unha copia da autorización en que se ampare cada centro deberá estar exposta en lugar visible na zona de recepción e información.

Artigo 10. *Constatación periódica do cumprimento dos requisitos do centro.*

A validez da autorización outorgada a un centro segundo o previsto neste real decreto estará condicionada ao cumprimento continuado das condicións exixidas para o seu outorgamento.

Os centros autorizados estarán obrigados a lles facilitar aos órganos administrativos a documentación que lles sexa requirida para estes efectos, así como a variación dos datos tidos en conta para o outorgamento da autorización.

CAPÍTULO V

Cursos de formación

Artigo 11. *Homologación de cursos de formación.*

Os cursos impartidos por un centro autorizado deberán axustarse a un modelo previamente homologado polo mesmo órgano administrativo que autorizou o centro.

Para que un curso modelo sexa homologado, o centro deberá presentar unha memoria en que se conteñan as especificacións sinaladas no anexo III.

Examinada esa memoria, e unha vez comprobado que o contido do modelo de curso prevé a totalidade das materias recollidas no anexo I e que o persoal docente e os medios propostos, así como a súa duración, resultan adecuados aos fins perseguidos por este real decreto, o órgano competente ditará unha resolución en que o homologue e procederá a inscribir esa homologación na sección correspondente do Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte.

A validez da referida homologación será de cinco anos, malia que o órgano competente, por petición do centro de formación, poderás prorrogala por sucesivos períodos de cinco anos cando entenda que o seu contido e características continúan a ser adecuados.

Non obstante, o ministro de Fomento poderás acordar a caducidade de cantas homologacións se encontraren vixentes cando sufran modificación o contido do capítulo II ou dos anexos I ou IV deste real decreto.

Cando unha mesma persoa física ou xurídica for titular de diversos centros autorizados, poderás impartir en todos eles os cursos que lle fosen homologados a calquera destes, sen necesidade dunha nova homologación.

Artigo 12. *Mecánica dos cursos.*

1. Os centros autorizados deberanlle comunicar, por vía telemática e de acordo co indicado no anexo IV, ao órgano competente no territorio en que se estean situados, cada curso que vaian realizar con, polo menos, 10 días de antelación á súa data de inicio.

2. Calquera variación dos datos relativos a un curso inicialmente comunicado deberá ser, así mesmo, notificada por vía telemática ao órgano competente nos termos sinalados no anexo IV.

3. Finalizado o curso, e con efectos do día da súa finalización, o director docente do centro que o impartise expediralle a cada alumno que o segue con aproveitamento un certificado acreditativo de ter realizado a formación teórica e práctica exixidas sobre as materias obxecto de curso e, simultaneamente, comunicarlle por vía tele-

mática ao órgano competente a finalización do curso e a listaxe de todos os alumnos que o superasen, identificados polo seu nome e apelidos e número de documento nacional de identidade ou, de ser o caso, do número de identificación do estranxeiro.

Recibida esa comunicación, o órgano competente procederá a anotar na sección correspondente do Rexistro Xeral de Transportistas e de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte a realización do curso de que se trate por parte dos correspondentes condutores.

Artigo 13. *Lugar en que se impartirá a formación.*

Os aspirantes á obtención do certificado de aptitude profesional dun Estado membro da Unión Europea poderán obter a cualificación inicial en España se teñen aquí a súa residencia habitual. Os aspirantes nacionais dun país terceiro que realicen a súa actividade nunha empresa establecida en España ou aos cales se lles expedise unha autorización de residencia permanente ou de residencia temporal e traballo en España poderán obter así mesmo a cualificación inicial en España.

Os aspirantes que teñan a súa residencia habitual ou traballen en España poderán seguir aquí a formación continua.

CAPÍTULO VI

Exames para a obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial

Artigo 14. *Exames de cualificación inicial.*

1. Finalizado o curso de formación, os aspirantes á obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da súa cualificación inicial deberán superar, nun prazo non superior a seis meses contados desde a devandita finalización, un exame que versará sobre o contido das materias incluídas no anexo I.

2. O contido dos exames, a súa convocatoria, a designación e a composición dos tribunais e o dereito a concorrer ás probas axustaranse ao disposto no anexo V.

3. Os condutores que efectúen transportes de mercadorías e amplíen ou modifiquen as súas actividades para efectuar transporte de viaxeiros, sendo xa titulares do correspondente certificado de aptitude profesional, unicamente estarán obrigados a asistir á parte do curso relacionada cos obxectivos 1.4, 1.5, 2.2 e 3.7 da sección 2.^a do anexo I e a realizar aquela parte do exame que se refira a tales obxectivos.

Os condutores que efectúen transportes de viaxeiros e amplíen ou modifiquen as súas actividades para realizar transporte de mercadorías, sendo xa titulares do correspondente certificado de aptitude profesional, unicamente estarán obrigados a asistir á parte do curso relacionada cos obxectivos 1.4, 2.2 e 3.7 da sección 1.^a do anexo I e a realizar aquela parte do exame que se refira a tales obxectivos.

Artigo 15. *Convocatoria de exames.*

Os exames serán organizados polos órganos competentes para a expedición das autorizacións de transporte público discrecional de viaxeiros e mercadorías por estrada no territorio de que se trate.

A convocatoria de exames, que se publicará no boletín oficial correspondente, deberá efectuarse con, polo menos, un mes de antelación respecto da realización do primeiro exercicio, abrindo un prazo de inscrición non inferior a 15 días.

Deberanse convocar exames, cando menos, seis veces ao ano. O órgano competente poderá publicar unha vez ao ano todas as convocatorias referidas a este, indi-

cando os prazos de inscrición correspondentes a cada convocatoria.

Sen prexuízo das convocatorias periódicas anteriormente sinaladas, o órgano competente poderá constituír un tribunal e realizar un exame específico cando así o solicite un centro autorizado en que finalizase un curso de cualificación inicial. Nese suposto, non poderá formar parte do tribunal ningunha persoa ligada a ese centro ou ao seu titular nin a ningunha outra empresa ou actividade coa cal este se encontre relacionado.

Artigo 16. *Dereito a concorrer aos exames.*

Os aspirantes á obtención da cualificación inicial unicamente poderán concorrer ás probas que convoquen e realicen os órganos competentes no territorio en que teñan a súa residencia habitual, con independencia do lugar en que realizen o curso preceptivo, salvo que obtivesen autorización do órgano convocante nun territorio distinto por causa debidamente xustificada.

Cando, de ser o caso, o órgano convocante das probas acorde a constitución de varios tribunais que actúen en lugares diferentes, determinará, así mesmo, as regras de adscrición dos aspirantes a cada un deles.

Artigo 17. *Expedición do certificado de cualificación inicial.*

Concluída a corrección dos exames, o órgano competente ditará unha resolución en que lles reconece o cumprimento do requisito de cualificación inicial a todos aqueles aspirantes que os aprobasen, e expedirá ao seu favor o correspondente certificado de aptitude profesional e anotará esta expedición na sección correspondente do Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte.

CAPÍTULO VII

Tarxeta acreditativa da vixencia do certificado de aptitude profesional do condutor

Artigo 18. *Tarxeta de cualificación do condutor.*

1. Xunto ao certificado de aptitude profesional, o órgano competente expediralle a cada un dos aspirantes que aprobasen o exame de cualificación inicial a correspondente tarxeta de cualificación, axustada ás características sinaladas no anexo VI deste real decreto.

Esa tarxeta expedirase cun período de vixencia máximo de cinco anos.

Cada vez que un condutor acredite ter superado un curso completo de formación continua segundo o previsto neste real decreto, o órgano competente, tras comprobar que o seu permiso de condución se encontra vixente, expediralle unha nova tarxeta de cualificación, que substituirá a anterior e cuxo período de validez máximo alcanzará, así mesmo, os cinco anos seguintes á data en que conclúen as preceptivas 35 horas de formación.

A expedición dunha nova tarxeta de cualificación do condutor requirirá a retirada da anterior.

2. A expedición da tarxeta de cualificación profesional do condutor dará lugar á súa inscrición na sección correspondente do Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte.

3. Os condutores doutros Estados membros da Unión Europea acreditarán a súa cualificación a través de calquera dos documentos permitidos para o efecto pola Directiva 2003/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2003, relativa á cualificación inicial e á formación continua dos condutores de determinados

vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada.

4. Os condutores de países terceiros que conduzan vehículos que efectúen transportes de viaxeiros por estrada poderán demostrar que teñen a cualificación e a formación estipuladas neste real decreto mediante algún dos seguintes documentos:

a) Se é titular do permiso de condución de modelo comunitario, mediante este documento co código comunitario inscrito nel.

b) A tarxeta de cualificación do condutor prevista no anexo VI, na cal constará o código comunitario correspondente.

c) Un certificado expedido por unha autoridade competente no Estado membro da Unión Europea onde teña a súa residencia ou estea establecida a empresa para a cal presta servizos.

5. Os condutores obrigados a estar en posesión do certificado de aptitude profesional deberán levar a bordo do vehículo en todo momento en que se encontren conducindo a súa tarxeta de cualificación profesional, ou, se é o caso, o documento que, de acordo con este artigo, acredite a súa vixencia.

CAPÍTULO VIII

Responsabilidades dos centros de formación

Artigo 19. *Responsabilidade do centro.*

1. Os centros de formación recollidos neste real decreto e os cursos neles impartidos terán a consideración de actividade de transporte para os efectos previstos no artigo 34 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

O órgano competente para autorizar cada centro poderá, así mesmo, inspeccionar este, así como os cursos de cualificación inicial ou formación continua que nel se desenvolvan.

En todo caso, realizarase polo menos unha visita de inspección de cada curso cuxa realización se tivese comunicado en data distinta á da súa iniciación e que non estará previamente concertada co centro.

De cada visita de inspección levantarase acta, da cal se lle entregará unha copia ao centro inspeccionado.

2. O titular do centro responderá de:

a) Que o centro reúna os elementos persoais e materiais acreditados no momento de se outorgar a autorización, debendo dar conta ao órgano que a outorgou das incidencias que se produzan en relación con eses elementos, así como de calquera alteración ou modificación que afecte estes ou a autorización.

b) Que os profesores coñezan ben a regulamentación máis recente e os requisitos en materia de formación e, de ser o caso, contén coa titulación ou formación específica que, para o efecto, determinase o ministro de Fomento.

Para tal efecto, no marco dun procedemento de selección específica, os profesores deberán ter demostrado que posúen coñecementos didácticos e pedagóxicos.

Polo que se refire á parte práctica da formación, os profesores deberán ter xustificado a súa experiencia como condutores profesionais ou outra forma de condución análoga, como a de instrutor de condución de vehículos pesados.

c) Que os cursos impartidos se axustan a un modelo previamente homologado e á comunicación realizada ao órgano administrativo competente.

3. A autorización outorgada a un centro poderá ser anulada ou suspendida polo órgano competente, tras a audiencia previa do seu titular, cando resulte acreditado

que deixou de cumprir algunha das condicións en que se baseou a autorización.

4. Cando o centro non lle tivese comunicado ao órgano competente a correspondente incidencia no prazo previsto para iso e nunha visita de inspección se comprobe que o profesor ou a materia impartida non coinciden cos que lle fosen comunicados ao órgano competente, este suspenderá a autorización do centro durante seis meses, mediante resolución expresa e logo de audiencia previa do centro.

Cando o centro non lle tivese comunicado ao órgano competente a correspondente incidencia no prazo previsto para iso e nunha visita de inspección se detecte a falta de asistencia inxustificada dun 50 por cento ou máis dos alumnos, o órgano competente acordará, mediante resolución expresa e logo da audiencia previa do centro, a revogación da súa autorización.

Cando, no suposto anterior, o número de alumnos non asistentes fose igual ou superior ao 25 por cento do total, o órgano competente acordará, en idénticos termos aos indicados no parágrafo anterior, a suspensión da autorización do centro durante seis meses. Se este mesmo feito se detectase nas inspeccións levadas a cabo en dous ou máis cursos realizados polo mesmo centro no espazo de 365 días, o órgano competente acordará a revogación da autorización do centro.

En todo caso, a non-asistencia dun alumno sen causa xustificada, detectada durante a realización dunha visita de inspección, dará lugar a que o órgano competente acorde a falta de validez do curso para ese alumno, mediante resolución expresa e logo de audiencia do interesado.

Disposición adicional primeira. *Formación de formadores.*

Á vista da experiencia obtida na aplicación deste real decreto, o ministro de Fomento poderá exixir que o profesorado que imparta os cursos de formación inicial ou continua conte cunha determinada titulación ou formación específica, cando así pareza aconsellable para acadar un nivel de calidade suficiente.

Para tal efecto, o ministro de Fomento poderá regular uns criterios específicos de formación para todos ou unha parte dos profesores e formadores que vaian impartir os cursos regulados neste real decreto; neste suposto deberá sinalar o contido e as características dos cursos de formación que deberán seguir e dos centros que impartan esa formación.

Disposición adicional segunda. *Documentación da cualificación inicial e da formación continua a través do permiso de condución.*

Malia o disposto no capítulo VII deste real decreto, cando así o posibilite a lexislación reguladora dos permisos de condución, a tarxeta acreditativa da cualificación dos condutores poderá ser substituída por unha anotación para o efecto realizada sobre o propio permiso de condución, realizada polo órgano competente para a súa expedición e renovación.

Disposición adicional terceira. *Polivalencia dos cursos.*

1. Cando os cursos regulados neste real decreto e os centros en que se impartan cumpran todos os requisitos exixidos na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria para a obtención da cualificación exixida para a condución de vehículos que transporten mercadorías perigosas, poderán ser, simultaneamente, autorizados para tal efecto polo órgano competente para iso.

2. Para efectos do disposto na Lei 17/2005, do 19 de xullo, pola que se regula o permiso e a licenza de condu-

ción por puntos e se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, a superación dos cursos de formación continua previstos neste real decreto implicará a recuperación de todos os puntos que se perdesen, ata un máximo de catro, en relación co permiso ou licenza de conducción, sempre que este se encontrase aínda vixente, cando o centro e o curso impartidos cumpran todos os requisitos exixidos para iso na mencionada lexislación.

Non obstante, cando o centro en que se imparta a formación continua regulada neste real decreto non cumprise por si mesmo os requisitos exixidos en cada momento para os efectos previstos no parágrafo anterior, poderá concertar a impartición das materias sinaladas no punto 3 do programa recollido no punto B) do anexo I con outro centro que si os reúna, sen que o curso de formación continua perda a súa validez.

Disposición adicional cuarta. *Condutores con certificado de capacitación profesional para o exercicio da actividade de transportista.*

Por orde do ministro de Fomento poderase establecer que os condutores que obtivesen o certificado de capacitación profesional para o exercicio da actividade de transportista queden parcialmente dispensados da asistencia ao curso e dos exames necesarios para a cualificación inicial na parte que corresponda ás materias recollidas no anexo B da Orde do ministro de Fomento do 28 de maio de 1999 pola que se desenvolve o capítulo I do título II do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, en materia de expedición de certificados de capacitación profesional.

Disposición adicional quinta. *Cursos de formación de condutores impartidos polas Forzas Armadas, a Policía e a Garda Civil.*

Aqueles cursos de formación de condutores que sexan impartidos para o seu persoal polas Forzas Armadas, a Policía e a Garda Civil serán válidos para a obtención da cualificación inicial e a formación continua reguladas neste real decreto, sempre que o seu contido recolla as materias que integran o programa sinalado no anexo I.

Disposición adicional sexta. *Fundación para la Formación en el sector Transporte.*

En execución da medida prevista para tal efecto no número 6.3.3.3. do Plan estratéxico de infraestruturas e transporte (PEIT), aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 15 de xullo de 2005, e de conformidade co disposto no artigo 45.1 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, crearase, por iniciativa do Ministerio de Fomento, unha fundación que, coa denominación «Fundación para la Formación en el sector Transporte», teña por obxecto contribuir á promoción e desenvolvemento da formación no sector do transporte por estrada.

Disposición adicional sétima. *Subsistema de formación profesional para o emprego.*

En execución do establecido no punto D.6 do Acordo do Consello de Ministros do 21 de outubro de 2005 polo que se desenvolveron e aplicaron distintas medidas relativas ao sector do transporte por estrada, que se adoptaron no Acordo do Consello de Ministros do 24 de xuño de 2005, para a mellora das condicións de transparencia e de competencia no sector, a formación obrigatoria prevista neste real decreto poderase financiar a través dos fondos a que se refire o artigo 6 do Real decreto 395/2007, do 23

de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego. Nese suposto a formación que se realice deberá axustarse aos procedementos e mecanismos establecidos nesa última norma.

Disposición transitoria primeira. *Exencións da cualificación inicial.*

Estarán exentos da obriga de cualificación inicial os condutores que sexan titulares dos seguintes permisos de conducción:

- a) dunha das categorías D1, D1+E, D, D+E ou dun permiso recoñecido como equivalente, expedido antes do 11 de setembro de 2008.
- b) dunha das categorías C1, C1+E, C, C+E ou dun permiso recoñecido como equivalente, expedido antes do 11 de setembro de 2009.

Disposición transitoria segunda. *Formación continua dos condutores exentos da cualificación inicial.*

Os condutores exentos da cualificación inicial en virtude do disposto na disposición transitoria primeira deberán obter o primeiro certificado de aptitude profesional acreditativo de ter superado un curso completo de formación continua, como máis tarde, nos seguintes prazos:

- a) Os condutores de vehículos das categorías de permiso de conducción D1, D1+E, D e D+E, entre o 10 de setembro de 2011 e o 10 de setembro de 2015, de acordo co seguinte calendario:

1. Titulares de permisos de conducción cuxo número remate en 1 ou 2, antes do 10 de setembro de 2011.
2. Titulares de permisos de conducción cuxo número remate en 3 ou 4, antes do 10 de setembro de 2012.
3. Titulares de permisos de conducción cuxo número remate en 5 ou 6, antes do 10 de setembro de 2013.
4. Titulares de permisos de conducción cuxo número remate en 7 ou 8, antes do 10 de setembro de 2014.
5. Titulares de permisos de conducción cuxo número remate en 9 ou 0, antes do 10 de setembro de 2015.

- b) Os condutores de vehículos das categorías de permiso de conducción C1, C1+E, C e C+E, entre o 10 de setembro de 2012 e o 10 de setembro de 2016, de acordo co seguinte calendario:

1. Titulares de permisos de conducción cuxo número remate en 1 ou 2, antes do 10 de setembro de 2012.
2. Titulares de permisos de conducción cuxo número remate en 3 ou 4, antes do 10 de setembro de 2013.
3. Titulares de permisos de conducción cuxo número remate en 5 ou 6, antes do 10 de setembro de 2014.
4. Titulares de permisos de conducción cuxo número remate en 7 ou 8, antes do 10 de setembro de 2015.
5. Titulares de permisos de conducción cuxo número remate en 9 ou 0, antes do 10 de setembro de 2016.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2003/59/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2003, adaptada polas directivas 2004/66/CE e 2006/103/CE do Consello, relativas á cualificación inicial e á formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada, pola que se modifican o Regulamento (CEE) n.º 3820/85 do Consello e a Directiva 91/439/CEE do Consello e se derroga a Directiva 76/914/CEE do Consello.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Fomento para ditar as disposicións que resulten necesarias para a aplicación deste real decreto, así como para modificar o contido dos seus anexos, co fin de axustalo aos cambios operados na normativa da Unión Europea ou nas circunstancias do mercado de transportes ou a seguranza viaria, así como aos avances técnicos e científicos.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias que o artigo 149.1.21.^a da Constitución lle atribúe ao Estado.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 20 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I**Programa de materias dos cursos de cualificación inicial e formación continua de condutores**

Os coñecementos que se deberán ter en conta para a verificación da cualificación inicial do condutor deberán referirse, polo menos, ás materias enumeradas neste anexo. Os candidatos deberán alcanzar o nivel de coñecementos e de aptitudes prácticas necesario para conducir con seguranza a categoría de vehículos de que se trate.

O nivel mínimo de coñecementos non poderá ser inferior ao alcanzado durante a escolaridade obrigatoria completada cunha formación profesional.

A duración dos distintos módulos previstos no programa está referida á modalidade ordinaria de cualificación inicial. Cando se trate de cursos de formación acelerada, a duración total de cada módulo reducirase á metade.

A) PROGRAMA DO CURSO DE CUALIFICACIÓN INICIAL**Sección 1.^a Permisos C, C+E, C1, C1+E**

1. Formación avanzada sobre conducción racional baseada nas normas de seguranza

1.1 Obxectivo: coñecer as características da cadea cinemática para optimizar a súa utilización.

Contido: coñecemento do vehículo; curvas de par, potencia e consumo específico dun motor; zona de utilización óptima do contarrevolucións; diagramas de cobertura das relacións da caixa de cambio de velocidades; mantemento mecánico básico.

Duración: 40 horas, das cales 5 serán de conducción efectiva por parte do alumno e o resto se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 15 destas últimas poderán ser impartidas a bordo dun camión mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

1.2 Obxectivo: coñecer as características técnicas e o funcionamento dos dispositivos de seguranza co fin de dominar o vehículo, minimizar o seu desgaste e previr as anomalías de funcionamento.

Contido: pneumáticos; freos; características do circuíto de freada oleopneumático; límites de utilización dos freos e ralentizadores; utilización combinada de freos e ralentizadores; selección da mellor combinación entre velocidade e relación de transmisión; utilización da inercia do vehículo; utilización dos medios de ralentización e de freada nas baixadas; accións que deben adoptarse en caso de fallo.

Duración: 30 horas, das cales 10 serán de conducción efectiva por parte do alumno e o resto se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 5 destas últimas poderán ser impartidas a bordo dun camión mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

1.3 Obxectivo: poder optimizar o consumo de carburante.

Contido: optimización do consumo de carburante mediante a aplicación das técnicas indicadas nos puntos 1.1 e 1.2.

Duración: 30 horas, das cales 5 serán de conducción efectiva por parte do alumno e o resto se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 5 destas últimas poderán ser impartidas a bordo dun camión mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

1.4 Obxectivo: ser capaz de realizar unha operación de carga respectando as consignas de seguranza e a boa utilización do vehículo.

Contido: a carga; forzas que se aplican aos vehículos en movemento; utilización das relacións da caixa de velocidades en función da carga do vehículo e do perfil da estrada; cálculo da carga útil dun vehículo ou dun conxunto de vehículos; cálculo do volume útil; repartición da carga; consecuencias da sobrecarga por eixe; estabilidade do vehículo e centro de gravidade; tipos de embalaxe e apoios da carga. Principais tipos de mercadorías que requiren estiba; técnicas de colocación de calzos e estiba; utilización de correas de estiba; verificación dos dispositivos de estiba; utilización dos medios de manipulación; colocación e retirada de toldos.

Duración: 30 horas, que se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 5 delas lle poderán ser impartidas ao alumno a bordo dun camión mentres outro alumno o conduce.

En especial, dedicaranse 9 horas deste módulo a analizar a temática relativa ao transporte de mercadorías perigosas, co seguinte contido e distribución: comportamento en marcha dos vehículos cisterna e contedores cisterna (1 hora); conduta do condutor antes e despois da carga (1 hora e 30 minutos); manipulación e estiba de vultos, suxeición e protección da carga (1 hora e 30 minutos); prohibición de carga en común nun mesmo vehículo ou contedor (1 hora); precaucións que deben adoptarse na carga e a descarga (1 hora); disposicións específicas relativas á utilización de vehículos cisterna e contedores cisterna (3 horas).

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade, aínda que deberán respectarse as 9 horas dedicadas en especial á temática de mercadorías perigosas.

2. Aplicación da regulamentación.

2.1 Obxectivo: coñecer o ambiente social do transporte por estrada e a súa regulamentación.

Contido: o tacógrafo; duración máxima da xornada laboral específica do sector dos transportes; principios, aplicación e consecuencias dos regulamentos (CEE) número 3821/85 e (CE) número 561/2006; sancións en caso de non-utilización, mala utilización ou manipulación fraudulenta do tacógrafo. Coñecemento do ambiente social do transporte por estrada: dereitos e obrigas do

conductor en materia de cualificación inicial e de formación continua.

Duración: 30 horas, que se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 5 delas lle poderán ser impartidas ao alumno a bordo dun camión mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

2.2 Obxectivo: coñecer a regulamentación en materia de transporte de mercadorías.

Contido: clases de permisos de conducción; o transporte de mercadorías por estrada; masas e dimensións máximas dos vehículos; títulos que habilitan para o exercicio do transporte. Obrigas en virtude dos modelos de contrato de transporte de mercadorías; redacción dos documentos en que se concrete o contrato de transporte. Autorizacións de transporte internacional. Obrigas do Convenio CMR; redacción da carta de porte internacional; paso de fronteiras; transitarios; documentos especiais anexos ás mercadorías.

Duración: 10 horas, que se impartirán na aula.

En especial, dedicaranse 5 horas deste módulo a analizar a temática relativa ao transporte de mercadorías perigosas, co seguinte contido: disposicións xerais aplicables ao transporte de mercadorías perigosas (1 hora); finalidade e funcionamento do equipo técnico dos vehículos (2 horas); etiquetaxe e sinalización (2 horas).

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade, aínda que deberán respectarse as 5 horas dedicadas en especial á temática de mercadorías perigosas.

3. Saúde, seguraza viaria e ambiental, servizo, loxística.

3.1 Obxectivo: ter conciencia dos riscos da estrada e dos accidentes de traballo.

Contido: tipoloxía dos accidentes de traballo no sector do transporte; uso das vías públicas; a importancia do cumprimento das normas de tráfico e seguraza viaria; iluminación e sinalización óptica; sinais nos vehículos; sinais de circulación; os accidentes de tráfico, a magnitude do problema; estatísticas dos accidentes de circulación; implicación dos vehículos pesados; dinámica dun impacto e consecuencias humanas, materiais e económicas do accidente; os grupos de risco; os factores de risco; a conducción preventiva; conducción en condicións adversas; contaminación e accidentes.

Duración: 40 horas, que se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 7 delas lle poderán ser impartidas ao alumno a bordo dun camión mentres outro alumno o conduce.

En especial, dedicaranse 6 horas deste módulo a analizar a temática relativa ao transporte de mercadorías perigosas, co seguinte contido: principais tipos de riscos (2 horas); medidas de prevención e seguraza adecuadas aos diferentes tipos de risco (4 horas).

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade, aínda que deberán respectarse as 6 horas dedicadas en especial á temática de mercadorías perigosas.

3.2 Obxectivo: ser capaz de previr a delincuencia e o tráfico de inmigrantes clandestinos.

Contido: información xeral; implicacións para os condutores; medidas de prevención; lista de comprobacións; lexislación sobre a responsabilidade dos transportistas.

Duración: 2 horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

3.3 Obxectivo: ser capaz de previr os riscos físicos.

Contido: principios ergonómicos: movementos e posturas de risco, condición física, exercicios de manipulación e proteccións individuais.

Duración: 7 horas, que se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 5 delas lle poderán ser impartidas ao alumno a bordo dun camión mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

3.4 Obxectivo: ter conciencia da importancia da aptitude física e mental.

Contido: a conducción, unha tarefa de toma de decisións; actitudes e capacidades básicas para unha conducción segura; estado físico do conductor; principios dunha alimentación sa e equilibrada; efectos do alcohol; os medicamentos ou calquera outra substancia que poida modificar o comportamento; síntomas, causas e efectos da fatiga e o estrés; papel fundamental do ciclo básico actividade/repouso.

Duración: 9 horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

3.5 Obxectivo: ter capacidade para avaliar situacións de emerxencia.

Contido: seguraza activa e pasiva; comportamento en situacións de emerxencia: actuación en caso de accidente de tráfico; intervención, sensibilización e educación viaria (formación individualizada); as normas de tráfico e a seguraza viaria (debate grupal, dinámica de grupos); avaliación da situación; prevención do agravamento de accidentes; aviso aos servizos de socorro; auxilio aos feridos e aplicación dos primeiros socorros; reacción en caso de incendio; evacuación dos ocupantes do camión; garantir a seguraza de todos os pasaxeiros; reaccións en caso de agresión; principios básicos da declaración amigable de accidente.

Duración: 15 horas, que se impartirán na aula.

En especial, dedicaranse 5 horas deste módulo a analizar a temática relativa ao transporte de mercadorías perigosas, co seguinte contido e distribución: prácticas de extinción de incendios (3 horas); primeiros auxilios (2 horas).

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade, aínda que deberán respectarse as 5 horas dedicadas en especial á temática de mercadorías perigosas.

3.6 Obxectivo: poder adoptar comportamentos que contribúan a valorar a imaxe de marca dunha empresa.

Contido: actitudes do conductor e imaxe de marca: importancia para a empresa da calidade da prestación do conductor; diferentes papeis do conductor; diferentes interlocutores do conductor; mantemento do vehículo; organización do traballo; consecuencias dun litixio nos planos comercial e financeiro.

Duración: 7 horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

3.7 Obxectivo: coñecer o contorno económico do transporte por estrada de mercadorías e a organización do mercado.

Contido: o transporte por estrada fronte aos demais modos de transporte (competencia, transporte de carga); diferentes actividades do transporte por estrada (transporte por conta allea, por conta propia e actividades auxiliares do transporte); organización dos principais tipos de empresas de transporte e de actividades auxiliares do transporte; diferentes especializacións do transporte (cisternas, temperaturas controladas, etc.); evolución do sector (diversificación das prestacións ofrecidas, ferrocarril-estrada, subcontratación, etc.).

Duración: 30 horas, que se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 3 delas lle poderán ser impartidas ao alumno a bordo dun camión mentres outro alumno o conduce.

En especial, dedicaranse 11 horas deste módulo a analizar a temática relativa ao transporte de mercadorías

perigosas, co seguinte contido e distribución: outras disposicións especiais relativas á utilización de vehículos cisterna e contedores cisterna (2 horas); ambiente e contaminación, traslado de residuos, o seu control (1 hora); transporte multimodal, operacións de modos múltiples de transporte (1 hora); responsabilidade civil, información xeral, seguros (1 hora); cisternas e contedores cisterna, características descrición e tipos (3 horas); prácticas (2 horas); avaliación (1 hora).

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade, aínda que deberán respectarse as 11 horas dedicadas en especial á temática de mercadorías perigosas.

Sección 2.^a Permisos D, D+E, D1, D1+E

1. Formación avanzada sobre conducción racional baseada nas normas de seguranza.

1.1 Obxectivo: coñecer as características da cadea cinemática para optimizar a súa utilización.

Contido: coñecemento do vehículo; curvas de par, potencia e consumo específico dun motor; zona de utilización óptima do contarrevolucións; diagramas de cobertura das relacións da caixa de cambio de velocidades; mantemento mecánico básico.

Duración: 40 horas, das cales 5 serán de conducción efectiva por parte do alumno e o resto se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 15 destas últimas poderán ser impartidas a bordo dun autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

1.2 Obxectivo: coñecer as características técnicas e o funcionamento dos dispositivos de seguranza co fin de dominar o vehículo, minimizar o seu desgaste e previr as anomalías de funcionamento.

Contido: pneumáticos; freos; características do circuíto de freada oleopneumático; límites de utilización dos freos e ralentizadores; utilización combinada de freos e ralentizador; selección da mellor combinación entre velocidade e relación de transmisión; utilización da inercia do vehículo; utilización dos medios de ralentización e de freada nas baixadas; accións que deben adoptarse en caso de fallo.

Duración: 30 horas, das cales 10 serán de conducción efectiva por parte do alumno e o resto se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 5 destas últimas poderán ser impartidas a bordo dun autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

1.3 Obxectivo: poder optimizar o consumo de carburante.

Contido: optimización do consumo de carburante mediante a aplicación das técnicas indicadas nos puntos 1.1 e 1.2.

Duración: 30 horas, das cales 5 serán de conducción efectiva por parte do alumno e o resto se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 5 destas últimas poderán ser impartidas a bordo dun autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

1.4 Obxectivo: poder garantir a seguranza e a comodidade dos pasaxeiros.

Contido: calibración dos movementos lonxitudinais e laterais; uso compartido da estrada; colocación na calzada; suavidade de freada; traballo do saínte; utilización de infraestruturas específicas (espazos públicos, vías reservadas); xestión de conflitos entre unha conducción segura e as demais funcións propias do condutor; interacción cos pasaxeiros; especificidades do transporte de

determinados grupos de pasaxeiros (discapacitados, nenos).

Duración: 15 horas, que se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 5 delas lle poderán ser impartidas ao alumno a bordo dun autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

1.5 Obxectivo: ser capaz de levar a cabo unha operación de carga respectando as consignas de seguranza e a boa utilización do vehículo.

Contido: a carga; forzas que se aplican aos vehículos en movemento; utilización das relacións da caixa de velocidades en función da carga do vehículo e do perfil da estrada; cálculo da carga útil dun vehículo ou dun conxunto de vehículos; repartición da carga; consecuencias da sobrecarga por eixe; estabilidade do vehículo e centro de gravidade.

Duración: 15 horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

2. Aplicación da regulamentación.

2.1 Obxectivo: coñecer o ambiente social do transporte por estrada e a súa regulamentación.

Contido: o tacógrafo; duración máxima da xornada laboral específica do sector dos transportes; principios, aplicación e consecuencias dos regulamentos (CEE) número 3821/85 e (CE) número 561/2006; sancións en caso de non-utilización, mala utilización ou manipulación fraudulenta do tacógrafo. Coñecemento do ambiente social do transporte por estrada: dereitos e obrigas do condutor en materia de cualificación inicial e de formación continua.

Duración: 30 horas, que se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 5 delas lle poderán ser impartidas ao alumno a bordo dun autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

2.2 Obxectivo: coñecer a regulamentación relativa ao transporte de viaxeiros.

Contido: clases de permisos de conducción; transporte de viaxeiros por estrada; masas e dimensións máximas dos vehículos; transporte de grupos específicos; equipamentos de seguranza a bordo do autocar; cintos de seguranza; carga do vehículo.

Duración: 10 horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

3. Saúde, seguranza viaria e ambiental, servizo, loxística.

3.1 Obxectivo: ter conciencia dos riscos da estrada e os accidentes de traballo.

Contido: tipoloxía dos accidentes de traballo no sector do transporte; uso das vías públicas; a importancia do cumprimento das normas de tráfico e seguranza viaria; iluminación e sinalización óptica; sinais nos vehículos; sinais de circulación; os accidentes de tráfico, a magnitude do problema; estatísticas dos accidentes de circulación; implicación dos autocares; dinámica dun impacto e consecuencias humanas, materiais e económicas do accidente; os grupos de risco; os factores de risco; a conducción preventiva; conducción en condicións adversas; contaminación e accidentes.

Duración: 40 horas, que se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 7 delas lle poderán ser impartidas ao alumno a bordo dun autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

3.2 Obxectivo: ser capaz de prever a delincuencia e o tráfico de inmigrantes clandestinos.

Contido: información xeral; implicacións para os condutores; medidas de prevención; lista de comprobacións; lexislación sobre a responsabilidade dos transportistas.

Duración: 2 horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

3.3 Obxectivo: ser capaz de prever os riscos físicos.

Contido: principios ergonómicos: movementos e posturas de risco, condición física, exercicios de manipulación e proteccións individuais.

Duración: 7 horas, que se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 5 delas lle poderán ser impartidas ao alumno a bordo dun autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

3.4 Obxectivo: ter conciencia da importancia da aptitude física e mental.

Contido: a conducción, unha tarefa de toma de decisións; actitudes e capacidades básicas para unha conducción segura; estado físico do condutor; principios dunha alimentación sa e equilibrada; efectos do alcohol; os medicamentos ou calquera outra substancia que poida modificar o comportamento; síntomas, causas e efectos da fatiga e o estrés; papel fundamental do ciclo básico actividade/repouso.

Duración: 9 horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

3.5 Obxectivo: ter capacidade para avaliar situacións de emerxencia.

Contido: seguraza activa e pasiva; comportamento en situacións de emerxencia: actuación en caso de accidente de tráfico; intervención, sensibilización e educación viaria (formación individualizada); as normas de tráfico e a seguraza viaria (debate grupal, dinámica de grupos); avaliación da situación; prevención do agravamento de accidentes; aviso aos servizos de socorro; auxilio aos feridos e aplicación dos primeiros socorros; reacción en caso de incendio; evacuación dos pasaxeiros do autocar; garantir a seguraza de todos os pasaxeiros; reaccións en caso de agresión; principios básicos da declaración amigable de accidente.

Duración: 15 horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

3.6 Obxectivo: poder adoptar comportamentos que contribúan a valorar a imaxe de marca dunha empresa.

Contido: actitudes do condutor e imaxe de marca: importancia para a empresa da calidade da prestación do condutor; diferentes papeis do condutor; diferentes interlocutores do condutor; mantemento do vehículo; organización do traballo; consecuencias dun litixio nos planos comercial e financeiro.

Duración: 7 horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

3.7 Obxectivo: coñecer o contorno económico do transporte por estrada de viaxeiros e a organización do mercado.

Contido: o transporte por estrada de viaxeiros fronte aos distintos modos de transporte de viaxeiros (ferrocarril, automóbil particular), distintas actividades do transporte por estrada de viaxeiros; paso de fronteiras (transporte internacional); organización dos principais tipos de empresas de transporte de viaxeiros por estrada.

Duración: 30 horas, que se impartirán na aula, aínda que ata un máximo de 3 delas lle poderán ser impartidas ao alumno a bordo dun autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración anteriormente sinalada reducirase á metade.

B) PROGRAMA DOS CURSOS DE FORMACIÓN CONTINUA

A formación continua, obrigatoria para todos os condutores incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, deberá permitirlles actualizar os coñecementos esenciais para o exercicio da súa función, facendo especial fincapé na seguraza en estrada e a racionalización do consumo de carburante. Esa función ten por finalidade afondar e revisar algúns dos coñecementos adquiridos coa obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial.

Para calquera clase de permiso.

1. Formación avanzada sobre conducción racional baseada nas normas de seguraza.

1.1 Obxectivo: coñecer as características da cadea cinemática para optimizar a súa utilización.

Contido: coñecemento do vehículo; curvas de par, potencia e consumo específico dun motor; zona de utilización óptima do contarrevolucións; diagramas de cobertura das relacións da caixa de cambio de velocidades; mantemento mecánico básico.

Duración: 1 hora, que se impartirá na aula.

1.2 Obxectivo: coñecer as características técnicas e o funcionamento dos dispositivos de seguraza co fin de dominar o vehículo, minimizar o seu desgaste e prever as anomalías de funcionamento.

Contido: pneumáticos; freos; límites de utilización dos freos e ralentizadores; selección da mellor combinación entre velocidade e relación de transmisión; utilización da inercia do vehículo; utilización dos medios de ralentización e de freada nas baixadas; accións que deben adoptarse en caso de fallo.

Duración: 3 horas, que se impartirán na aula.

1.3 Obxectivo: poder optimizar o consumo de carburante.

Contido: optimización do consumo de carburante mediante a aplicación das técnicas indicadas nos puntos 1.1 e 1.2.

Duración: 4 horas, que se impartirán na aula.

2. Aplicación da regulamentación.

2.1 Obxectivo: coñecer o ambiente social do transporte por estrada e a súa regulamentación.

Contido: o tacógrafo; duración máxima da xornada laboral específica do sector dos transportes; principios, aplicación e consecuencias dos regulamentos (CEE) número 3821/85 e (CE) número 561/2006; sancións en caso de non-utilización, mala utilización ou manipulación fraudulenta do tacógrafo. Coñecemento do ambiente social do transporte por estrada: dereitos e obrigas do condutor en materia de cualificación inicial e de formación continua.

Duración: 5 horas, que se impartirán na aula.

3. Saúde, seguraza viaria e ambiental, servizo, loxística.

3.1 Obxectivo: ter conciencia dos riscos da estrada e dos accidentes de traballo.

Contido: tipoloxía dos accidentes de traballo no sector do transporte; a importancia do cumprimento das normas de tráfico e seguraza viaria; iluminación e sinalización óptica; os accidentes de tráfico, a magnitude do problema; estatísticas dos accidentes de circulación; implicación dos vehículos pesados; dinámica dun impacto e consecuencias humanas, materiais e económicas do accidente; os grupos de risco; os factores de risco (a velocidade, o alcohol, as drogas tóxicas, as enfermidades e os fármacos, o sono, a fatiga, o estrés); a conducción preven-

tiva; condución en condicións adversas; contaminación e accidentes.

Duración: 8 horas, que se impartirán na aula.

3.2 **Obxectivo:** ter conciencia da importancia da aptitude física e mental.

Contido: a condución, unha tarefa de toma de decisións; actitudes e capacidades básicas para unha condución segura; estado físico do condutor; principios dunha alimentación sa e equilibrada, efectos do alcohol, os medicamentos ou calquera outra substancia que poida modificar o comportamento; síntomas, causas e efectos da fatiga e o estrés; papel fundamental do ciclo básico actividade/reposo.

Duración: 4 horas, que reimpartirán na aula.

3.3 **Obxectivo:** ter capacidade para avaliar situacións de emerxencia.

Contido: seguranza activa e pasiva; comportamento en situacións de emerxencia, actuación en caso de accidente de tráfico; intervención, sensibilización e educación viaria (formación individualizada); as normas de tráfico e a seguranza viaria (debate grupal, dinámica de grupos); avaliación da situación; prevención do agravamento de accidentes; aviso aos servizos de socorro; auxilio aos feridos e aplicación dos primeiros socorros; reacción en caso de incendio; evacuación dos ocupantes do vehículo; reaccións en caso de agresión; principios básicos da declaración amigable de accidente.

Duración: 10 horas, que se impartirán na aula, aínda que 4 delas serán desenvolvidas de forma individualizada sobre contidos de intervención, sensibilización e educación viaria e 1 será desenvolvida en debate en grupo sobre aspectos do tráfico e a seguranza viaria.

ANEXO II

Requisitos dos centros de formación

Para a obtención da autorización exixida no capítulo IV deste real decreto, o solicitante deberá acreditar os seguintes requisitos:

1. Ser persoa física ou xurídica, debendo posuír, neste segundo suposto, personalidade propia e independente da daqueles que a integran; en ningún caso se poderán outorgar as autorizacións de forma conxunta a máis dunha persoa nin a comunidades de bens.

Esa acreditación realizarase mediante a presentación do documento nacional de identidade en vigor do solicitante, ou, cando for estranxeiro, do documento de identificación que produza efectos equivalentes no seu país de orixe ou do pasaporte, así como, de ser o caso, da correspondente tarxeta de identidade de estranxeiro e, en todos os supostos, da acreditación de estar en posesión do correspondente número de identificación fiscal.

Cando o titular da autorización for unha persoa xurídica, deberá presentar a súa tarxeta de identificación fiscal. Cando o titular tan só dispoña de número de identificación fiscal provisorio, deberao presentar xunto co documento de constitución e a acreditación da súa inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no rexistro que corresponda.

Cando o solicitante, persoa física, careza da nacionalidade española, da doutro Estado membro da Unión Europea, da doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou da doutro Estado a cuxos nacionais se estenda, a través do correspondente tratado ou convenio internacional, o réxime xurídico previsto para os nacionais dos Estados anteriormente citados, deberá ser titular de autorización de residencia permanente ou de autorización de residencia temporal e traballo por conta propia, de conformidade co disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e no

seu regulamento, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro.

2. Dispor de sinatura electrónica recoñecida por un prestador de servizos de certificación.

3. Dispor do cadro de persoal mínimo imprescindible para o funcionamento do centro docente.

Para tal efecto, o solicitante deberá presentar unha relación completa de todos os traballadores adscritos ao referido cadro de persoal.

En todo caso, o solicitante deberá acreditar que conta, de forma estable, coas persoas que a seguir se relacionan, cuxa vinculación co centro deberá resultar acreditada a través da oportuna documentación laboral, mercantil ou administrativa que xustifique a relación profesional:

a) Un director docente, que poderá coincidir co titular, a quen corresponderá programar, ordenar, controlar e comprobar de forma asidua e constante o desenvolvemento da actividade docente do centro no concernente ao réxime de ensino e actuación do persoal docente.

Para ser director docente requirirase ter exercido como profesor, ou como director, durante un período mínimo de tres anos nun centro de formación dos enumerados a continuación ou doutros de similares características:

Centro de formación de condutores.

Centro de formación de condutores de mercadorías perigosas.

Centro colaborador do INEM.

Autoescola de condutores.

Centro de formación profesional (FP).

Centro de formación dunha determinada empresa, asociación ou organización sindical ou profesional.

b) Un profesor especializado en materia de formación viaria.

c) Un profesor especializado en materia de condución racional, baseada nas normas de seguranza, e ambiental.

d) Un profesor especializado en loxística e transportes por estrada.

e) Un profesor especializado en transporte de materias perigosas.

f) Un profesor especializado en equipamentos e medios de extinción de incendios.

g) Un profesor especializado en primeiros auxilios.

O disposto neste punto enténdese sen prexuízo de que unha mesma persoa poida estar autorizada para exercer máis dunha función ou máis dunha actividade docente, sempre que conte coa especialización requirida en cada caso.

4. Dispor de locais adecuados para impartir, polo menos, a parte teórica dos cursos.

Para tal efecto, o solicitante deberá acreditar que dispoñen duns locais abertos ao público, para os cales conta coa correspondente licenza municipal de apertura, que resulten idóneos para a práctica docente e que reúnan as debidas condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade, de seguranza e de accesos ordinarios de persoas, ademais daquelas medidas previstas para persoas con discapacidade, exixidas pola lexislación vixente.

En todo caso, os citados locais deberán reunir os seguintes requisitos mínimos:

a) Unha aula cuxa superficie non poderá ser inferior a 1,5 metros cadrados por alumno.

b) Un espazo para servizos xerais do centro.

c) Aseos e servizos hixiénico-sanitarios diferenciados e en número adecuado á capacidade do centro.

Cando o solicitante non acredite dispor por si mesmo das instalacións e medios adecuados para que todos os alumnos poidan realizar as prácticas previstas no anexo IV,

deberá xustificar documentalmente ante o órgano competente ter concertada a realización de tales prácticas con algún organismo, empresa ou entidade especializados nesa materia que dispoña de tales instalacións, medios e equipamentos, circunstancia que se fará constar na correspondente autorización.

Sen prexuízo do anterior, a Administración competente poderá autorizar o uso de certos espazos e instalacións singulares, así como, de ser o caso, daquelas instalacións e equipamentos propios de ámbitos profesionais que, sendo necesarios para impartir os programas formativos e realizar a avaliación das competencias, estean localizados nun recinto distinto do resto das instalacións do centro. Os centros garantirán que os citados espazos cumpren cos requisitos mínimos para o desenvolvemento adecuado destas actividades.

5. Dispor dos vehículos que resulten necesarios para a realización das prácticas sinaladas no anexo IV. En todo caso, deberase dispor de, polo menos, un vehículo da categoría adecuada a cada clase de curso que requira unha formación práctica e á clase de permiso de condución afectada.

Cando o solicitante non acredite que dispón por si mesmo de tales vehículos, deberá xustificar documentalmente ante o órgano competente ter concertada a utilización dos vehículos que resulten necesarios con algún organismo, empresa ou entidade que si dispoña deles, circunstancia que se fará constar na correspondente autorización.

6. Dispor de, polo menos, o seguinte material didáctico:

a) Películas, transparencias, láminas murais, paneis, maquetas ou outros elementos que resulten adecuados para o ensino da normativa reguladora da circulación e o transporte, a súa documentación, sinais, marcas e distintivos; a adecuada realización das operacións de carga e descarga, manobras, etc., dos vehículos; a saúde e o comportamento adecuado durante o transporte e en casos de emerxencia, e a regulación e cumprimento das normas reguladoras en materia de tempos de traballo, condución e descenso no transporte por estrada.

Tales elementos, proxeccións ou non, deberán ter un tamaño suficiente para que, ao seren exhibidos, resulten claramente visibles desde calquera punto da aula en que se vaian utilizar.

b) O equipamento necesario para proxectar, se é o caso, eficazmente o material a que se refire a alínea anterior.

c) Un manequín de reanimación cardiopulmonar básica para adultos que permita a subluxación mandibular, a ventilación boca a boca e boca a nariz, a masaxe cardíaca externa e a valoración do pulso carotídeo, co seu correspondente sistema de rexistro das técnicas elementais, nas debidas condicións de funcionamento e hixiene para ser utilizado no ensino e prácticas dos primeiros auxilios.

Cando o centro non dispoña deste material por si mesmo, deberá acreditar que ten concertada a realización das prácticas que impliquen o uso dese manequín con algún organismo, empresa ou entidade que si dispoña del.

d) Aparellos tacógrafos analóxico e dixital, ou ben sistemas ou programas de simulación destes equipamentos de control, que permitan a súa utilización, de maneira física ou virtual, polos alumnos.

e) Modelos da documentación de transporte por estrada que debe ir a bordo do vehículo.

f) Un modelo de carta de porte.

g) Unha colección actualizada da lexislación sobre ordenación do transporte por estrada e sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, así como da normativa europea aplicable a esas materias.

7. Xunto á anterior documentación, o solicitante deberá presentar o programa de cualificación e formación que prevexa impartir, indicando o seu plan de execución e os métodos de ensino previstos, así como, se é o caso, as condicións de acceso e participación nos cursos.

8. Os centros autorizados que impartan módulos de formación que, por actuaren dentro dun sistema ou certificación, se vexan afectados pola aplicación doutra normativa (condutores de mercadorías perigosas, recuperación de puntos do permiso de conducir, formación para a obtención do permiso de condución, etc.) deberán cumprir, ademais, aqueles requisitos que determine a devandita normativa ou deriven dela.

ANEXO III

Homologación de cursos

Os centros que pretendan a homologación dun curso modelo deberán presentar ante o órgano administrativo competente unha memoria en que constará:

a) O programa desenvolvido de coñecementos que serán impartidos no curso, o cal tomará como base a táboa de materias contida no anexo I, todas as cales deberán ter reflexo no referido programa.

b) Duración do curso e de cada un dos módulos ou partes que nel interveñan.

c) Número de horas dedicadas a prácticas de condución, indicando, de ser o caso, cantas delas se realizarán en simuladores de alto nivel.

d) Número de profesores necesarios para impartir o curso, indicando a súa titulación ou nivel de experiencia e as materias que serán impartidas por cada un dos profesores en función da súa especialización.

e) Número máximo de alumnos que poderán concorrer ao curso, o cal non poderá ser en ningún caso superior a 20.

ANEXO IV

Mecánica e contido dos cursos de formación

Sección 1.^a Comunicación da realización de cursos

1. Para os efectos previstos no artigo 12.1, os centros autorizados deberanlle comunicar, de forma telemática, ao órgano competente no territorio en que se localice, cada curso que vaian realizar. Nesa comunicación, que deberá ser subscribida polo director do centro, constarán, polo menos, os seguintes datos:

a) A clase de curso que vai impartir, especificando se é de cualificación inicial, ordinaria ou acelerada, ou de formación continua, así como o curso modelo homologado ao cal se axustarán.

b) As datas de inicio e finalización do curso, así como a súa programación, na cal se precisarán, como mínimo, o horario das clases e o contido de cada unha delas.

c) O lugar e instalacións, data e hora en que se realizarán as probas e exercicios prácticos.

d) Relación dos profesores que impartirán o curso, indicando as súas respectivas especialidades.

e) Relación dos alumnos que participarán no curso, na cal constarán o seu nome e apelidos e o número do documento nacional de identidade ou número de identidade de estranxeiro ou, neste último caso, e na súa falta, o número de pasaporte, así como a clase ou clases de permiso de condución en vigor de que, se é o caso, foren titulares.

2. Segundo o disposto no artigo 12.2, calquera variación dos datos relativos a un curso inicialmente comunicado deberalle ser, así mesmo, notificada telemática-

mente ao órgano competente, con, polo menos, a seguinte antelación:

a) A modificación do contido do curso ou das súas datas de inicio, desenvolvemento ou finalización, con, polo menos, 24 horas de antelación á data inicialmente prevista para o inicio do curso.

b) A substitución dalgún dos profesores que van impartir o curso, con, polo menos, 24 horas de antelación á data en que ese profesor deba iniciar a súa participación naquel.

c) O abandono ou exclusión do curso por parte dalgún dos alumnos inicialmente comunicados, inmediatamente despois de que tal feito se produza.

Para os efectos previstos nesta alínea, deberá terse en conta que cando un alumno deixe de asistir, por calquera causa, a un 10 por cento ou máis das horas do curso, deberá ser excluído deste. Sen prexuízo disto, o centro poderá, así mesmo, excluír aqueles alumnos que deixasen de asistir a unha parte do curso que, ao seu xuízo, abordase contidos determinantes da validez deste.

Sección 2.^a *Contido e duración das prácticas dos cursos de formación*

Nos cursos destinados á obtención da cualificación inicial na súa modalidade ordinaria, cada alumno deberá efectuar, polo menos, 20 horas de condución individual nun vehículo da categoría correspondente.

Cada condutor poderá efectuar 8 horas, como máximo, das 20 horas de condución individual nun terreo especial ou nun simulador de alto nivel co fin de avaliar a formación sobre condución racional baseada nas normas de seguranza, en particular polo que respecta ao control do vehículo en función dos distintos estados da calzada así como das súas variacións en relación coas condicións atmosféricas e a hora do día ou da noite.

Para os condutores que sexan titulares do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial ordinaria para transporte de mercadorías e desexen obter o correspondente a viaxeiros, ou viceversa, a duración da nova cualificación inicial será de 70 horas, das cales cinco serán de condución individual.

Cando a modalidade de obtención da cualificación inicial sexa a acelerada, cada alumno deberá efectuar, nos termos anteriormente sinalados, polo menos 10 horas de condución individual, das cales ata un máximo de 4 poderán realizarse nun terreo especial ou nun simulador de alto nivel co fin de avaliar a formación sobre condución racional baseada nas normas de seguranza, en particular polo que respecta ao control do vehículo en función dos distintos estados da calzada, así como das súas variacións en relación coas condicións atmosféricas e a hora do día ou da noite.

Para os condutores que sexan titulares do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial acelerada correspondente ao transporte de mercadorías e desexen obter o da de viaxeiros ou viceversa, a cualificación inicial acelerada terá unha duración de 35 horas, das cales 2 horas e 30 minutos estarán destinadas á condución individual.

Durante a condución individual, o alumno deberá estar, en todos os casos, acompañado por un instrutor do centro.

Os cursos de formación continua poderán, así mesmo, incluír unha parte práctica, que poderá impartirse, total ou parcialmente, en simuladores de alto nivel.

De se realizaren prácticas de condución en vías abertas á circulación xeral, sen que o condutor sexa titular do permiso de condución correspondente, o vehículo utilizado deberá cumprir os requisitos establecidos para estes efectos no anexo VII do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio.

ANEXO V

Exames de cualificación inicial

Sección 1.^a Exercicios

Ao remate dos correspondentes cursos de formación, as autoridades competentes someterán os aspirantes á obtención da cualificación inicial a un exame escrito ou oral

1. O exame constará de 100 preguntas tipo test, cada unha das cales contará con catro respostas alternativas, sobre o contido das materias incluídas na sección 1.^a ou 2.^a do punto A) do anexo I, segundo a clase de permisos de condución a que se refira. Vinte e cinco de tales preguntas estarán referidas aos obxectivos 1.4, 2.2 e 3.7 cando o programa do exame sexa o contido na sección 1.^a do anexo I, e aos obxectivos 1.4, 2.2 e 3.7 cando o programa do exame sexa o contido na sección 2.^a do anexo I.

O exame incluírá, en todo caso, polo menos, unha pregunta relativa a cada un dos obxectivos enumerados na sección correspondente do punto A) do anexo I.

2. O tempo para a realización do exame non será inferior a 2 horas.

3. As respostas correctas valoraranse con 1 punto e as erroneamente contestadas penalizaranse con 0,5 puntos negativos. As preguntas non contestadas ou que conteñan máis dunha resposta non puntuarán positiva nin negativamente.

4. Para aprobar será necesario obter unha puntuación non inferior á metade do total de puntos posibles.

Sección 2.^a Designación de tribunais

1. En caso de non determinarse na propia convocatoria, o órgano convocante deberá, con posterioridade a esta, designar o tribunal ou tribunais das probas e sinalar a data, hora e lugar de realización dos exercicios, e proceder, así mesmo, á súa publicación no correspondente boletín oficial con, polo menos, dez días de antelación á realización do primeiro exercicio

2. Os tribunais das probas estarán formados por cinco membros: o presidente, tres vogais e o secretario, que actuará con voz e voto, podendo designarse membros suplentes dos anteriores. Polo menos o presidente e outros dous membros do tribunal deberán ser nomeados entre funcionarios públicos que posúan titulación superior e estean especializados nas materias sobre as cales versen as probas.

ANEXO VI

Tarxeta de cualificación do condutor

1. A tarxeta constará de anverso e reverso:

No anverso figurarán:

a) A mención «tarxeta de cualificación do condutor», impresa en caracteres grandes, na lingua ou as linguas oficiais do Estado membro que expide a tarxeta.

b) A mención do nome do Estado membro que expide a tarxeta (mención facultativa).

c) O signo distintivo do Estado membro que expide a tarxeta, impreso en negativo nun rectángulo azul e rodeado de doce estrelas amarelas.

d) A información específica da tarxeta expedida, numerada do seguinte modo:

1. Apelidos do titular.
2. Nome do titular.
3. Data e lugar de nacemento do titular.
- 4a. Data de expedición da tarxeta.
- 4b. Data de expiración da tarxeta.

4c. Designación da autoridade que expide a tarxeta (pode imprimirse no reverso).

4d. Un número distinto do número do permiso de condución, para uso administrativo (mención facultativa).

5a. Número do permiso de condución.

5b. Número de serie da tarxeta.

6. Fotografía do titular.

7. Sinatura do titular.

8. Residencia, domicilio ou enderezo postal do titular (mención facultativa).

9. Categorias de vehículos para as cales o condutor cumpre as obrigas de cualificación e de formación continua.

e) A mención «modelo das Comunidades Europeas» na lingua do Estado español e a mención «tarxeta de cualificación do condutor» nas demais linguas oficiais da Comunidade, impresas en azul para formar o fondo da tarxeta:

tarjeta de cualificación do condutor

Osvědčení profesní způsobilosti ředice

карта за квалификация на водача

chaufføruddannelsesbevis

Fahrerqualifizierungsnachweis

juhi ametipädevuse kaart

δελτίο επιμόρφωσης οδηγού

driver qualification card

carte de qualification de conducteur

cárta cáilíochta tiomána

carta di qualificazione del conducente

vadītāja kvalifikācijas apliecība

vairuotojo kvalifikacinė kortelė

gépjárművezetői képesítési igazolvány

karta ta' kwalifikazzjoni tas-sewwieq

kwalificatiekaart bestuurder

karta kwalifikacji kierowcy

carta de qualificação do motorista

cartela de pregătire profesională a conducătorului auto

preukaz o kvalifikácii vodiča

kartica o usposobljenosti voznika

kuljettajan ammattipätevyyskortti

yrkeskompetensbevis för förare

f) as cores de referencia:

azul: Pantone Reflex blue

amarelo: Pantone yellow.

No reverso figurarán:

a) 9. Categorias de vehículos para as cales o condutor cumpre as obrigas de cualificación e de formación continua.

10. Código comunitario.

11. Un espazo reservado para que se poidan inscribir mencións indispensables para a súa xestión ou relativas á seguraza viaria (mención facultativa). En caso de que esa mención pertencese a unha rúbrica definida no presente anexo, deberá ir precedida do número da rúbrica correspondente.


b) Unha explicación das rúbricas numeradas que aparecen no anverso e no reverso da tarxeta (polo menos, as rúbricas 1, 2, 3, 4a, 4b, 4c, 5a, 5b e 10).

En caso de que un Estado membro desexa redactar esas inscricións nunha lingua nacional que non sexa unha das linguas seguintes: búlgaro, castelán, checo, danés, alemán, estoniano, grego, inglés, francés, italiano, letón, lituano, húngaro, maltés, neerlandés, polaco, romanés, portugués, eslovaco, esloveno, finés ou sueco, elaborará unha versión bilingüe da tarxeta utilizando unha das linguas mencionadas, sen prexuízo das restantes disposicións deste anexo.

2. Características de seguraza, con inclusión da protección de datos persoais.

Os diferentes elementos constitutivos da tarxeta de condutor teñen por obxecto descartar toda posibilidade de falsificación ou manipulación fraudulenta e detectar toda tentativa deste tipo.

Anverso

		TARJETA DE CUALIFICACIÓN DEL CONDUCTOR		(ESTADO MIEMBRO)
		1.	2.	
6. FOTOGRAFÍA	3.			
	4a.	4b.		
	4c.	(4d.)		
	5a.	5b.		
	7.			
	(8.)			
	9.			

Reverso

11.	9.	10.
	C1	
	C	
	D1	
	D	
	C1E	
	CE	
	D1E	
	DE	

1. Apellidos
2. Nombre
3. Fecha y lugar de nacimiento
4a. Fecha de expedición
4b. Fecha de caducidad administrativa
4c. Expedido por
5a. Número del permiso de conducción
5b. Número de serie de la tarjeta
10. Código comunitario

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

14798 *ORDE ITC/2370/2007, do 26 de xullo, pola que se regula o servizo de xestión da demanda de interrompibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción. («BOE» 185, do 3-8-2007.)*

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, regula o réxime xurídico das actividades destinadas á